

ADENDA DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, E O INSTITUTO TECNOLÓXICO DE GALICIA, A UNIVERSIDADE DE VIGO, O CENTRO TECNOLÓXICO DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA E O CENTRO TECNOLÓXICO DE TELECOMUNICACIÓN DE GALICIA, PARA A CREACIÓN DUNHA REDE DE LABORATORIOS E CENTROS DEMOSTRADORES EN CIBERSEGURIDADE NO ÁMBITO DO PROGRAMA RETECH (REDES TERRITORIAIS DE ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓXICA) E NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATION, PRTR A TRAVÉS DO INCIBE.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Por unha banda, D. Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, con NIF Q1500382E, actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económica-Financeira e Contable (CIXTEC) e se modifica o Decreto 252/2011 do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, e polo Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea o director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

D. Julián Cerviño Iglesia declara non ter conflito de intereses (DACI) na sinatura da presente adenda, manifestando que non se atopa incurso en ningunha situación que poida ser cualificada como conflito de intereses ou causa de abstención, e comprométese a poñer en coñecemento, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea lugar, ou puidese dar lugar, ao devandito escenario, e, así mesmo, que é coñecedor das consecuencias que puidesen derivarse da falsidade dunha declaración de ausencia de conflito de intereses.



De outra parte, o Instituto Tecnolóxico de Galicia (de aquí en diante "ITG"), con o NIF G-15305923, situado no Cantón Grande, 9 – Planta 3, CP 15003. A Coruña - España, e actuando no seu nome e representa - D. Carlos Calvo Orosa , Director Xeral da Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia, en virtude do poder notarial con número de protocolo 53 do 16/01/2015 ante o notario de A Coruña, D. Jacobo- Esteban Pérez Rama.

D. Carlos Calvo Orosa declara ausencia de conflito de intereses (DACI) na sinatura da presente adenda, manifestando que non se atopa incurso en ningunha situación que poida ser cualificada como conflito de intereses ou causa de abstención, e comprométese a poñer en coñecemento, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea lugar, ou puidese dar lugar, ao devandito escenario, e, así mesmo, que é coñecedor das consecuencias que puidesen derivarse da falsidade dunha declaración de ausencia de conflito de intereses.

De outra parte, a Universidade de Vigo (de aquí en diante «UVigo»), con NIF Q8650002B, situada no Campus Universitario de Vigo, 36310 Vigo, e actuando no seu nome e en representación de Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, en virtude do Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado en el Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 117, del 20 de xuño de 2022.

Manuel Joaquín Reigosa Roger declara ausencia de conflito de intereses (DACI) na sinatura do presente convenio, manifestando que non se atopa incurso en ningunha situación que poida ser cualificada como conflito de intereses ou causa de abstención, e comprométese a poñer en coñecemento, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea, ou puidese dar lugar, ao devandito escenario, e, así mesmo, que é coñecedor das consecuencias que puidesen derivarse da falsidade dunha declaración de ausencia de conflito de intereses.

De outra parte, a Fundación para a Promoción da Innovación, Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico na Industria da Automoción de Galicia (en adiante, Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia ou CTAG), con NIF G-36871424, situada no Polígono Industrial A Granxa, rúa A, parc. 249-250, 36475 O Porriño, Pontevedra, e actuando no seu nome e representación D. Luis Eulogio Moreno Diéguez, director xeral,



en virtude do poder outorgado mediante escritura ante o notario de Vigo, D. César M. Fernández-Casqueiro Domínguez, o 18 de maio de 2004, co número 670 do seu protocolo, e en escritura ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. José Luis Prieto Fenech, o 9 de marzo de 2006, co número 534 do seu protocolo.

D. Luis Eulogio Moreno Diéguez declara ausencia de conflito de intereses (DACI) na sinatura do presente convenio, manifestando que non se atopa incurso en ningunha situación que poida ser cualificada como conflito de intereses ou causa de abstención, e comprométese a poñer en coñecemento, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea, ou puidese dar lugar, ao devandito escenario, e, así mesmo, que é coñecedor das consecuencias que puidesen derivarse da falsidade dunha declaración de ausencia de conflito de intereses.

De outra parte, o Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (de aquí en adiante "Gradiant"), con NIF G-36.997.229, situado en VIGO, Ctra. de Vilar, 56-58 36214, e actuando no seu nome e representación D. Luis Pérez Freire, director xeral, con DNI nº 53.116.019-A en virtude do poder para este acto concedido en escritura outorgada ante o notario de Vigo, D. José María Rueda Pérez o 12 de febreiro de 2024.

D. Luis Pérez Freire declara ausencia de conflito de intereses (DACI) na sinatura do presente convenio, manifestando que non se atopa incurso en ningunha situación que poida ser cualificada como conflito de intereses ou causa de abstención, e comprométese a poñer en coñecemento, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea, ou puidese dar lugar, ao devandito escenario, e, así mesmo, que é coñecedor das consecuencias que puidesen derivarse da falsidade dunha declaración de ausencia de conflito de intereses.

A ITG, UVigo , CTAG e Gradiant , en diante, e todas elas conxuntamente, serán denominadas as "Partes Colaboradoras".

Todos os representantes das Partes Colaboradoras interveñen en función dos seus respectivos cargos, no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, lles están conferidas e, ao efecto,



EXPOÑEN:

PRIMEIRO. – No marco do Programa de Redes Territoriais de Especialización Tecnolóxica (en adiante, "Programa RETECH") que persegue impulsar redes territoriais de especialización tecnolóxica a través da articulación de proxectos rexionais orientados á transformación e especialización dixital, o Instituto Nacional de Ciberseguridade (en adiante, "INCIBE") lanzou unha invitación pública para aliarse con entidades e unirse a proxectos públicos ou privados de natureza cibernética que teñan como finalidade contribuír ao logro do Compoñente 15.I7 do PRTR, e do Eixe Estratéxico 3 da Axenda España Dixital 2026.

Fronte á invitación pública previamente referenciada, as Comunidades Autónomas de Cataluña, Comunitat Valenciana e Galicia, a través de diferentes entidades - no caso de Galicia, intervén a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ("Amtega")-, presentaron o proxecto denominado "Centro de innovación e competencia en ciencias da saúde, transporte intelixente, Industria conectada e excelencia operativa" (en adiante, "Proxecto RETECH CCAA"), con temática de ciberseguridade, e aliñado coa Axenda España Dixital 2026 e o PRTR.

O Proxecto RETECH CCAA foi avaliado e aprobado pola Comisión de Avaliación de INCIBE con data do 7 de decembro de 2022. Así mesmo, con data do 18 de decembro de 2023, INCIBE e as Comunidades Autónomas de Cataluña, Comunitat Valenciana e Galicia, a través de diferentes entidades – no caso de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ("Amtega") – formalizaron o convenio de colaboración entre entidades das Comunidades Autónomas de Cataluña, Galicia, Comunitat Valenciana e a S.M.E. Instituto Nacional de Ciberseguridade de España M.P., S.A. (INCIBE) no ámbito do programa RETECH (redes territoriais de especialización tecnolóxica), e no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea – NEXT GENERATION EU, coa finalidade de executar o Proxecto RETECH CCAA (en adiante, "Convenio RETECH"). No devandito convenio, as diferentes comunidades autónomas participantes



comprometéronse a levar a cabo diversas accións e proxectos mediante o financiamento pactado naquela colaboración – 75% achega INCIBE con cargo en fondos NextGenerationEU provenientes do mecanismo MRR e 25% fondos propios ou privados, comunitarios-.

SEGUNDO. – No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Galicia, a través da Amtega, é a entidade responsable para levar adiante o Proxecto RETECH CCAA e as accións obxecto do Convenio RETECH en Galicia. Para iso, a Amtega levou a cabo accións tendentes a obter cooperación e colaboración de diversas entidades públicas ou sen ánimo de lucro dedicadas ao sector innovador e tecnolóxico de Galicia que estivesen interesadas en contribuír aos obxectivos estratéxicos do Proxecto RETECH CCAA no marco do Convenio RETECH. Concretamente, a Amtega buscou colaboración para impulsar a liña de actuación 2 sobre transporte intelixente que se centra, principalmente, nos aspectos de ciberseguridade relacionados co vehículo conectado/5G, Drons, Transporte Marítimo e edificios intelixentes e mediante a cal se prevé a creación dunha rede de laboratorios e centros demostradores en ciberseguridade.

Neste contexto, con data do 8 de outubro de 2024, formalizouse o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, o Instituto Tecnolóxico de Galicia, a Universidade de Vigo, o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia e o Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia, para a creación dunha rede de laboratorios e centros demostradores en ciberseguridade no ámbito do Programa RETECH (REDES TERRITORIAIS DE ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓXICA) e no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea – Nextgeneration, PRTR a través de INCIBE (en adiante, “Convenio de Centros Tecnolóxicos”).



TERCEIRO. – O Convenio de Centros Tecnolóxicos establece as condicións polas que se rexe a colaboración entre a Amtega e as Partes Colaboradoras para a posta en marcha do Proxecto RETECH CCAA – Liña de actuación 2 (Transporte Intelixente), definindo as actuacións a acometer por cada unha das partes; as obrigas das Partes Colaboradoras e da Amtega; o modelo de financiación, xustificación e pagamento; o seguimento do convenio a través das Comisións de Seguimento; a súa modificación; ou a súa extinción e causas de resolución, entre outras.

CUARTO. – Conforme ao establecido no dito convenio, os Centros Tecnolóxicos presentaron o Plan Anual Operativo (PAO) correspondente ao exercicio 2024, no que se detallaban as actividades, obxectivos e orzamento previstos para ese período. Non obstante, unha vez finalizado o análise da execución orzamentaria do PAO 2024, identifícase a existencia dun remanente de orzamento non executado durante dito exercicio.

Co obxectivo de garantir unha xestión eficiente dos recursos asignados e de optimizar o impacto das actuacións previstas no marco do Convenio, as partes consideran necesario proceder á redistribución do remanente orzamentario non executado, asignándoo aos períodos de execución seguintes, promovendo un uso máis estratéxico e axustado ás necesidades reais do proxecto.

QUINTO. – Con data do 22 de novembro de 2024 celebrouse unha reunión específica entre a Amtega, CTAG e a Universidade de Vigo co obxectivo de explorar a posible colaboración entre a Universidade de Vigo e CTAG no ámbito de Smart Mobility.

A Universidade de Vigo, no ámbito da súa colaboración con CTAG, propón utilizar o autobús autónomo de CTAG para a realización de casos de uso. Aínda que no orzamento orixinal da Universidade de Vigo, incluído no Convenio de Centros Tecnolóxicos, está contemplada a adquisición dun vehículo autónomo no ámbito de



Smart Mobility, considérase máis eficiente colaborar con CTAG e utilizar un dos seus vehículos autónomos xa existentes en lugar de adquirir un novo.

Así mesmo, CTAG presenta "Shuttle Autónomo e Conectado", unha exposición que detalla as características e funcionalidades do vehículo autónomo, así como os casos de uso que ambas entidades desenvolverán.

A necesidade do desenvolvemento do piloto no campus de Vigo co Shuttle de CTAG recomenda a redistribución de fondos entre a Universidade de Vigo e CTAG derivada de dita colaboración.

SIXTO. – Co obxectivo de aumentar a visibilidade e socialización das actividades que se están desenvolvendo no marco do Convenio de Centros Tecnolóxicos, considérase que a participación das Partes Colaboradoras do Convenio de Centros Tecnolóxicos na Feira Internacional de Seguridade, Defensa e Emerxencias, SEDEXPO, que se celebrará na localidade de Silleda (Galicia) entre o 26 e o 28 de marzo de 2025, e que se caracteriza pola presentación de demostracións de proxectos desenvolvidos por parte de empresas, centros tecnolóxicos e de investigación, así como pola propia administración pública, é de interese para maximizar os obxectivos recollidos no Convenio de Centros Tecnolóxicos.

Por iso, considérase de relevancia que as Partes Colaboradoras do Convenio de Centros Tecnolóxicos participen na Feira Internacional de Seguridade, Defensa e Emerxencias, SEDEXPO, coa presentación de demostracións desenvolvidas por elas no marco da temática da Feira, o que require modificar a dotación inicial do convenio para facer fronte aos custos derivados de dita participación.

SÉTIMO. – A cláusula sétima do Convenio de Centros Tecnolóxicos recolle que para a xustificación do convenio e de cada un dos pagos parciais e finais, as Partes Colaboradoras deberán presentar, antes do 15 de decembro de cada anualidade,



unha determinada documentación. Esta obriga non fai referencia expresa á posibilidade de que a Amtega poida acceder a esta información polos seus propios medios sempre que os centros tecnolóxicos emitan unha autorización explícita para tal fin, o que aconsella unha modificación do convenio neste sentido, co obxectivo de maximizar a eficacia e a eficiencia na súa xestión.

Con base nas consideracións anteriores, ao amparo do previsto na cláusula décimo primeira do convenio orixinal, as partes acordaron subscribir esta adenda, conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. – Modifícanse as cláusulas segunda, sexta e sétima do convenio de colaboración, de 8 de outubro de 2024, entre a Xunta de Galicia, a través da Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia, o Instituto tecnolóxico de Galicia, a Universidade de Vigo, o Centro tecnolóxico de automoción de Galicia e o Centro tecnolóxico de telecomunicacións de Galicia, para a creación dunha rede de laboratorios e centros demostradores en ciberseguridade no ámbito do Programa RETECH (REDE TERRITORIAIS DE ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓXICA) e no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea – Nextgeneration, PRTR a través de INCIBE, que quedan coa seguinte redacción:

“Segunda . Actuacións obxecto do convenio :

Para levar a cabo o Proxecto Galego de creación dunha rede de laboratorios e centros demostradores para a investigación e innovación en solucións de ciberseguridade antes descrito, cada unha das Partes Colaboradoras comprométese a colaborar e, polo tanto, a executar as medidas, accións e actividades descritas nesta cláusula pertencentes á liña de actuación 2 sobre Transporte Intelixente do Convenio RETECH CCAA.

A tal fin, correspóndenlles, respectivamente:



ITG:

- *Deseño e fabricación dun laboratorio móbil avanzado para auditorías de ciberseguridade do espazo aéreo UAS.*
- *Desenvolvemento de software de detección de ciberameazas mediante analizador de tráfico aéreo de drones e entorno radioeléctrico mediante fusión de sensores e radio definida por software (SDR).*
- *Desenvolvemento de software de caracterización e auditoría de ciberseguridade do espazo aéreo cercano.*
- *Desenvolvemento de software para simulación de ameazas de ciberseguridade e tráfico non colaborativo de UAS.*
- *Desenvolvemento de interfaces de usuario e acceso delegado.*

Uvigo:

- *Creación dun laboratorio de seguridade, privacidade e confianza en 5G/6G.*
- *Infraestruturas e despregue de capa de ciberseguridade 5G/6G.*
- *Infraestruturas e despregue de OpenRAN 5G/6G.*
- *Infraestruturas e despregue de equipamento específico V2X.*
- *Infraestruturas e despregue de capa de ciberseguridade OT.*
- *Equipamento de emulación e medición para C-V2X sobre 5G.*
- *Demostrador 5G/6G + seguridade cuántica.*
- *Demostrador 5G/6G + IA.*
- *Demostrador de ciberseguridade en Smart Transportation.*
- *Demostrador de ciberseguridade en Industria conectada.*



CTAG:

- *Creación dun laboratorio de ciberseguridade e hacking ético.*
- *Ampliación de capacidades de ciberseguridade no laboratorio de ciberseguridade V&V.*
- *Ampliación de capacidades de ciberseguridade na pista de probas ITS.*
- *Desenvolvemento da cultura e talento en ciberseguridade.*
- *Desenvolvemento OBU/RSU V2X segura.*

Gradient:

- *Creación dun laboratorio de ciberseguridade 5G.*
- *Creación dun laboratorio de ciberseguridade industrial.*

Amtega:

- *Coordinación xeral do Proxecto Galego de creación dunha rede de laboratorios e centros demostradores para a investigación e innovación en solucións de ciberseguridade. A tal fin, a Amtega encargárase da dirección estratéxica e coordinación, así como do seguimento do proxecto; marcará as directrices xerais a aplicar no Proxecto Galego de creación dunha rede de laboratorios e centros demostradores para a investigación e innovación en solucións de ciberseguridade; e, encargárase de fomentar a interlocución entre dita Axencia e as Partes Colaboradoras do presente convenio.*

Así mesmo, as Partes Colaboradoras poderán establecer colaboracións entre elas cando se identifiquen sinerxías que optimicen recursos e favorezan o logro dos obxectivos do proxecto. Neste sentido, a Universidade de Vigo (UVIGO) e o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) colaborarán para o desenvolvemento conxunto das actividades relacionadas coa ciberseguridade, a conectividade vehicular (C-V2X) e o transporte intelixente, incluíndo:



- *A integración da infraestrutura 5G/6G da UVIGO coas tecnoloxías de Shuttle conectado e outros desenvolvementos do CTAG para a creación dun laboratorio demostrador conxunto.*
- *A realización de simulacións e análises de ameazas de ciberseguridade asociadas á comunicación entre vehículos e infraestruturas, combinando a experiencia de investigación científica da UVIGO coa capacidade de transferencia tecnolóxica e industrial do CTAG.*

O proxecto RETECH CCAA tamén abarca cinco eixes adicionais que complementan as 4 liñas de actuación centrais do mesmo. Dentro destes eixes, atópase o subproxecto da implementación dun "Espazo de Datos". En consecuencia, unha vez sexa posible comezar co desenvolvemento deste subproxecto, as Partes Colaboradoras comprométese a colaborar e contribuír no desenvolvemento da implementación dito espazo de datos para facilitar o intercambio seguro de información respectando na súa totalidade a normativa europea e estatal que sexa aplicable nesta materia. No caso de ser necesario, eventualmente, a Amtega fixará as directrices adicionais necesarias relacionadas con este subproxecto".

" Sexta. Financiación:

O orzamento de execución das actividades obxecto do presente convenio ascende a OITO MILLÓNS CATROCENTOS SETENTA E NOVE MIL CENTO SESENTA E OITO CON VINTESEIS CÉNTIMOS (8.479.168,26€)

A distribución do orzamento de execución e as achegas entre as distintas partes asinantes é a seguinte :



ENTIDADES PARTICIPANTES	ORZAMENTO TOTAL	AMTEGA	%	ENTIDADE	%
CTAG	4.074.100,78 €	3.055.575,59 €	75 %	1.018.525,19 €	25,00 %
UVIGO	2.025.000,00 €	1.512.500,00 €	74,69 %	512.500,00 €	25,31 %
ITG	1.330.766,67 €	998.075,00 €	75%	332.691,67 €	25,00%
GRADIANT	1.049.300,81 €	785.375,80 €	74,85 %	263.925,01 €	25,15 %
TOTAL	8.479.168,26 €	6.351.526,39 €	74,91%	2.127.641,87 €	25,09%

Táboa 1



Partidos colaboradores	Tipoloxía de fondos	2024		2025		2026		Total
		Base	IVE	Base	IVE	Base	IVE	
CTAG	INCIBE	507.649,62 €	0,00 €	2.395.528,49 €	0,00 €	152.397,48 €	0,00 €	3.055.575,59 €
	Coinversión	82.016,68 €	0,00 €	624.508,51 €	0,00 €	312.000,00 €	0,00 €	1.018.525,19 €
Total CTAG		589.666,30 €		3.020.037,00 €		464.397,48 €		4.074.100,78 €
UVIGO	INCIBE	0,00 €	0,00 €	1.414.500,00 €	0,00 €	98.000,00 €	0,00 €	1.512.500,00 €
	Coinversión	2.867,28 €	0,00 €	448.716,82 €	0,00 €	60.915,90 €	0,00 €	512.500,00 €
Total UVIGO		2.867,28 €		1.863.216,82 €		158.915,90 €		2.025.000,00 €
ITG	INCIBE	26.543,29 €	0,00 €	666.281,71 €	0,00 €	305.250,00 €	0,00 €	998.075,00 €
	Coinversión	8.225,41 €	0,00 €	222.716,26 €	0,00 €	101.750,00 €	0,00 €	332.691,67 €
Total ITG		34.768,70 €		888.997,97 €		407.000,00 €		1.330.766,67 €
GRADIANT	INCIBE	320.737,81 €	0,00 €	464.637,99 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	785.375,80 €
	Coinversión	44.180,88 €	0,00 €	166.155,00 €	0,00 €	53.589,13 €	0,00 €	263.925,01 €
Total Gradient		364.918,69 €		630.792,99 €		53.589,13 €		1.049.300,81 €
TOTAL	INCIBE	854.930,72 €	0,00 €	4.940.948,19 €	0,00 €	555.647,48 €	0,00 €	6.351.526,39 €
	Coinversión	137.290,25 €	0,00 €	1.462.096,59 €	0,00 €	528.255,03 €	0,00 €	2.127.641,87 €
Total		992.220,97 €		6.403.044,78 €		1.083.902,51 €		8.479.168,26 €

Táboa 2



En consecuencia, a Amtega financiará as actuacións obxecto do Convenio de Centros Tecnolóxicos cunha achega máxima de seis millóns trescentos cincuenta e un mil cincocentos vinte e seis euros con trinta e nove céntimos (6.351.526,39 €) con cargo ás cantidades recibidas a través de INCIBE no marco do Convenio RETECH celebrado no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea – Nextgeneration, PRTR a través de INCIBE.

Estes importes serán obxecto de retención de crédito segundo a distribución por anualidades que se indica, nas seguintes aplicacións orzamentarias do seu Orzamento::

ENTIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	2024	2025	2026
AMTEGA	10.A1.571A.626.0	854.930,72 €	4.940.948,19 €	555.647,48 €

As achegas de Amtega con cargo a fondos europeos non superarán en ningún caso o [75%] máximo indicado na táboa 1.

Cada unha das Partes Colaboradoras financiará as actuacións que se desenvolvan ao amparo do presente convenio con cargo aos seus respectivos orzamentos para os anos 2024, 2025 e 2026, conforme á previsión de distribución por anualidades que figura na táboa 2, sen que poida supoñer beneficio nin lucro ningún para ningunha delas.

Respecto a cada Parte Colaboradora, no caso das actuacións financiadas con cargo a fondos propios, o IVE asociado ás mesmas será asumido pola entidade correspondente.

Respecto a cada Parte Colaboradora, no caso de actuacións financiadas con cargo a fondos MRR, nas partidas de gasto nas que teña a capacidade de recuperar o IVE, este será asumido pola entidade correspondente. No caso de actuacións financiadas con cargo a fondos MRR que nas partidas de gasto nas que non teña a capacidade de recuperar o IVE, este será financiado con fondos INCIBE.

Conforme ao artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, nos proxectos que se financien con cargo ao MRR



non se poderá incorrer en dobre financiación. Neste sentido, seguiranse as directrices previstas nos compoñentes aplicables, neste caso, o C15.107, onde se determina a compatibilidade (ou non) desta financiación con outros fondos da Unión Europea, evitando así a dobre financiación.

O presente convenio non ten carácter oneroso e as achegas previstas na presente cláusula irán destinadas a cubrir o custo da actividade, sen que ningunha das Partes Colaboradoras obteña beneficio ou lucro industrial algún.

"Sétima. Xustificación e pagamento:

A achega económica da Amtega efectuarase a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio, mediante pagos parciais a conta da liquidación definida por importe non superior ao 80% da cantidade prevista para cada anualidade.

Para a xustificación do convenio e de cada un dos pagos parciais, as Partes Colaboradoras deberán presentar, antes do 15 de decembro de cada anualidade, a seguinte documentación xustificativa:

- Memoria das actividades desenvoltas, acompañada da documentación elaborada para a execución do obxecto do convenio e cuxa xustificación se presente que, polo menos, deberá conter unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
- Facturas e resto de documentación acreditativa do gasto realizado na execución das actuacións do convenio.*
- Plan Anual Operativo aprobado pola Comisión de Seguimento.*
- Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda e Administración Pública.*



- *Certificado de estar ao corrente nos deberes tributarios, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.*
- *Certificado de atoparse ao corrente dos deberes sociais, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.*

Sen prexuízo do anterior, cada Parte Colaboradora poderá autorizar expresamente á Amtega para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acrediten que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas. A dita autorización estará en vigor durante a vixencia do presente convenio. Non obstante, cada Parte Colaboradora poderá revogar expresamente dito consentimento en calquera momento.

Para a xustificación e pagamento final do convenio, cada unha das Partes Colaboradoras deberá aportar, antes do 15 de decembro de 2026, a seguinte documentación xustificativa:

- *Memoria das actividades desenvolvidas, acompañadas da documentación elaborada para a execución do obxecto do convenio e cuxa xustificación se presente que, polo menos, deberá conter unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.*
- *Facturas e o resto de documentación acreditativa da totalidade dos gastos e pagos en execución das actuacións do convenio.*
- *Plans Anuais Operativos aprobados pola Comisión de Seguimento.*
- *Certificado de non ter pendente de pago ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda e Administración Pública, salvo inexistencia ou revogación da autorización expresa á Amtega para a solicitude do dito certificado.*



- *Certificado de estar ao corrente nos deberes tributarios, expedido pola correspondente Delegación ou Axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, salvo inexistencia ou revogación da autorización expresa á Amtega para a solicitude do dito certificado.*
- *Certificado de encontrarse ao corrente dos deberes sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social, salvo inexistencia ou revogación da autorización expresa á Amtega para a solicitude do dito certificado.*
- *Memorias Anuais de garantía de execución do proxecto elaboradas por cada unha das Partes Colaboradoras e aprobadas pola Comisión de Seguimento.*

O pago final esixirá a aprobación pola Comisión de Seguimento da xustificación final realizada polas Partes Colaboradoras, así como do informe favorable da área de Infraestruturas e Seguridade da Amtega.

No caso de que a xustificación dos gastos e pagos sexa inferior ao importe do convenio, a aportación das partes reducirase na mesma proporción.

As Partes Colaboradoras deberán custodiar as facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que poderán ser solicitados en calquera momento pola Comisión de Seguimento e pola Amtega.

As Partes Colaboradoras comprométese a manter a custodia dos xustificantes de gastos e pagos realizados e a poñelos en calquera momento á disposición da Amtega ou dos órganos de control e auditoría competentes durante o período legal regulado nas normas nacionais e comunitarias”.

SEGUNDA.- En todo o non modificado expresamente pola presente adenda, seguirá en vigor o disposto no convenio de colaboración, de 8 de outubro de 2024, entre a Xunta de Galicia, a través da Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia, o Instituto Tecnolóxico de Galicia, a Universidade de Vigo, o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia e o Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia, para a creación dunha rede de laboratorios e centros demostradores en ciberseguridade no ámbito do Programa RETECH (REDE TERRITORIAIS DE ESPECIALIZACIÓN



TECNOLÓXICA) e no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea – Nextgeneration, PRTR a través de INCIBE.

E en proba de conformidade, as partes asinan este documento, no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

**Pola AXENCIA DE MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA)**

O Director

Julián Cerviño Iglesia

**Polo INSTITUTO TECNOLÓXICO DE
GALICIA (ITG)**

O Director Xeral

Carlos Calvo Orosa

Pola UNIVERSIDADE DE VIGO (UVIGO)

O Magnífico Reitor

Manuel Joaquín Reigosa Roger

**Pola Fundación para o FOMENTO DA
INNOVACIÓN, A INVESTIGACIÓN E O
DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO
NA INDUSTRIA DA AUTOMOCIÓN DE
GALICIA (CTAG)**

O Director Xeral

Luis Eulogio Moreno Diéguez

**Polo CENTRO TECNOLÓXICO DE
TELECOMUNICACIÓNS DE GALICIA
(GRADIANT)**

O Director Xeral

Luís Pérez Freire

